

Acta asemblea en Común Ordinaria

Data: Mércores 18 de novembro de 2015

Lugar: Espazo en Común (As Burgas, 8)

Hora: 20h

0) Espazo en Común:

Dáse conta do estado actual das obras. Existe unha lista de demandas de material e o equipo de traballo solicita que se valore novamente a proposta de pulir o chan polo elevado custo e a funcionalidade do mesmo.

1) Informe dos grupos de traballo:

GT APERTURA:

•Encontros de Barrio:

Infórmase do avance do GB A Ponte, como único grupo de barrio autónomo. A previsión de accións será un achegamento aos comerciantes mediante un procedemento en tres fases.

•Rede OU:

Dáse conta da constitución definitiva da Rede de Candidaturas Veciñais da Provincia de Ourense en base ao documento fundacional nos termos acordados na anterior asemblea asinada a 14 de novembro.

GT LEGAL, FINANZAS E LOXÍSTICA:

•Dáse conta da necesaria actualización web e lánzase tal encomenda ao GT Comunicación

•Preséntase o estado de doazóns das concelleiras con dedicación parcial en base aos termos acordados en anteriores asembleas

- Infórmase da actualización do cumprimento do código ético para salarios das concelleiras despois dos novos datos da AEAT que actúan como marco do cálculo:
http://www.agenciatributaria.es/AEAT/Contenidos_Comunes/La_Agencia_Tributaria/Estadisticas/Publicaciones/sites/mercado/2014/jrubikf69537cebc6ad98b95efdb754fd95048be88361d0.html

- Outros temas:

En proceso de instalación R no Espazo en Común.

Faise un chamamento para compras conscientes sendo sempre prioritario o comercio local

GT MEDIACIÓN:

- Adiada Xornada formativa sobre mecanismos de participación OUEC ata que o local teña as características óptimas para a súa celebración.

GT RELATO E ANÁLISE:

- Faise un recordatorio ferramenta participación **Loomio** para debater as mocións e iniciativas

- Infórmase dos avances sectoriais:

En materia de orzamentos o cronograma albiscado pasa por unha aprobación do teito de gasto en decembro e a súa negociación e aprobación a comezos de 2016

PXOM: constituída comisión de seguimento (todos os xoves ás 11h)

GT COMUNICACIÓN:

- problemática coa canle de Telegram que deberá ser solucionado polo GT Comunicación

- actividade limitada ata xornada monográfica xaneiro para definir estratexia

GT COORDINACIÓN:

- Sen novas

GT INSTITUCIONAL

- Dará conta do seu traballo na asemblea extraordinaria 1 decembro

2) Outros:

•Avance Asemblea Plenaria A Cidade dos Comúns (xaneiro 2016).

Dáse conta das diferentes iniciativas dende a anterior asemblea:

1º) Tronada de ideas: <https://titanpad.com/re-pensamentos-sobre-OUeC>

2º) Enquisa online:<http://ourenseencomun.info/pensando-ourense-en-comun>

- **Dáse conta da "Acción directa":** <https://ninundiamais.wordpress.com/>

- **Dáse conta da Campaña Marcha Mundial da Muller a propósito do Caso Baltar.** Encoméndase ao GT Relato e Análise sumarse e dar apoio a iniciativas. Asemade o GT Legal e Finanzas estudará a posibilidade de que OUeC se presente no caso como acusación particular. Por último o GT Apertura fará un chamamento para un posicionamento e acción conxunta da REDE. Todas estas encomendas son referendadas pola asemblea e contarán co seu apoio.

•**Proposta organizativa:** Creación e posta en funcionamento do Grupo de traballo no ámbito supramunicipal GT Cooperación de OueC. Proposta que queda adiada ata xornada monográfica de xaneiro.

- Posicionamento e participación OUeC próximas citas electorais:**

<embed VÍDEO ASEMBLEA en YouTube>

3) Próxima asemblea ordinaria:

Levántase a sesión ás 23:00h sen acordo nin posicionamento polo que convócase asemblea extraordinaria monográfica para o 23/11/2015